# 'Seria moi positivo que o problema artificial da normativa desaparecese'

**En Catalunya hai nestes momentos unha polémica sobre o futuro do catalán. Ten futuro o galego?**

Non son pesimista, pero o momento non é fácil, un idioma non susbsiste en boas condicións se non ten a saiva de uso social en todos os ámbitos que debe ter unha língua no século XXI. Nun país coma o noso onde ten gran importáncia a pauta dada polos modelos de emisión lingüística, por todo o que ten publicidade social, a loita neste sentido é fundamental. O idioma non subsiste confinado a usos rituais, protocolários, ou porque teña unha literatura moi rica, se non hai uso xeralizado que o faga socialmente útil.

## Normativa, discriminación e política

Mesmo no intre de se realizar esta entrevista estaba no ar a polémica surxida a partir dunha interpretación, en parte distorsionada, dunha proposición de lei, apresentada pola própria Pilar Garcia Negro, e na que se solicitaba a non discriminación económica por razón de normativa, á espera dunha pronta negociación que poña fin á discórdia ortográfica.

**Non se está a levar o debate ideolóxico a terreos inapropriados como son os da normativa?**

O problema existe porque se inoculou artificialmente. Hai unha *infección* criada xustamente para restarlle enerxia ao proceso de normalización. Os que puxemos por riba de todo o obxectivo da normalización, non é que predicásemos un *laissez faire* a próposito do idioma ou a anarquia ortográfica, pero sabiamos que no momento no que houbese aumento de volume na extensión do uso do galego, ia haber tamén un cámblo de tono, unha melloria na recepción do próprio galego, por iso praticamos sempre unha sana tolerancia. Hai cousas que están en fase de consolidación, porque as imaxes do galego son poucas ainda. Practicar a imposición e a intransixéncia, cunha normativa que non foi consensuada, cando o galego está desasistido, é restar extensión ao uso. Esta falta de diálogo, non entre grupellos, senón entre as tres ou catro opcións, como moito, que habia e que se terian que sentar na mesa, nunca foi recoñecida e nunca se aprestaron, despois de múltiples chamadas, a un diálogo que seria imprescindíbel para poder falar —e con boa vontade podiase facer nun prazo non superior a un ano— para acadar asi unha concórdia normativa que todos aplicariamos. Nós seguimos demandando este diálogo. E queremos, mentres, que este pretexto non se utilice para peneirar ideoloxicamente as producións en galego, cando paradoxicamente vemos que se subvencionan con diñeiro público produtos feitos en español. No tocante ao ensino hai que promover un aprécio ao idioma, no canto de inocular outro tipo de cuestións que só conducen a afastar á xente e a consideralo un apartado represivo maís dentro do ensino.

**'O PROBLEMA NON É DE CALIDADE, A LITERATURA GALEGA ESTÁ NECESITADA DE LEITORES A CAUSA DA PRÓPRIA CONSIDERACIÓN DO IDIOMA'**

**Pero fanse todos os esforzos, e mesmo concesións se é preciso, para que esta polémica non desgaste e desvie por máis tempo o que é prioritário: o esforzo pola normalización?**

Ese problema é certo e pola nosa parte, dentro do próprio parlamento, na anterior lexislatura xa aprobáramos unha chamada á concórdia da que logo non se fixo caso. Nesta imos facer o mesmo e imos pedir o apoio de todos. Seria moi positivo que este problema artificial desaparecese e todos concentraramos as enerxias na restauración do idioma que é o fundamental. Pola nosa banda non vai faltar vontade.

**'HAI UNHA CERTA PRÁCTICA DE ALONXAMENTO DAS REALIDADES MÁIS PRÓXIMAS, CANDO, POLO CONTRÁRIO, OS GRANDES VALORES DA LITERATURA UNIVERSAL ESTÁN ENRAIZADOS CUNHA REALIDADE PARTICULAR'**

## Os problemas da cultura

A respeito da criación literária, Garcia Negro non dúbida en sinalar que "existen obras de calidade, con determinadas pezas de grande valor que continuan unha liña histórica salientábel, a carón doutras obras que poden estar máis enfeudadas coa moda ou co uso puramente formal do galego". "Pero, engade, o problema non é de calidade, a literatura galega esta necesitada de leitores e de aprécio fora de círculos especializados a causa da própria consideración do idioma".

A clave estaria ademais en dirimir "se queremos que a cultura galega, en todas as suas manifestacións, sexa unha peza entalada secundariamente no mundo mundo cultural dominante español ou se aspiramos a que sexa unha cultura xerada entre a riqueza e o dinamismo do próprio país e que asimile todas as aportacións exteriores. Quer dicer se queremos que sexa subalterna ou que teña unha dinámica própria. Por outra parte teremos que pensar se queremos unha literatura para iniciados que non se inmiscuia nas preocupacións do que nos rodea ou se pola contra se pode entroncar con necesidades reais dos cidadáns, o que pode facela máis incómoda".

**Escribamos coma se este país fose normal. Que opina desta afirmación?**

Hai unha certa práctica de alonxamento das realidades máis próximas, cando, polo contrário, os grandes valores da literatura universal están enraizados cunha realidade particular que o xénio ou criador consegue facer entendíbeis universalmente. Valores como Cervantes, Shakespeare, Faulkner ou mesmo Rosalia non se fixeron universais por afastarse da sua realidade concreta e particular, senón ao contrário. A imitación, o seguimento da moda, ou o desentenderse da própria realidade ou da realidade pasada non creo que sexa un critério válido, sobre todo se se fai premeditadamente. □

# 'Seria moi positivo que o problema artificial da normativa desaparecese'

'HAI UNHA CERTA PRÁCTICA DE ALONXAMENTO DAS REALIDADES MÁIS PRÓXIMAS, CANDO, POLO CONTRÁRIO, OS GRANDES VALORES DA LITERATURA UNIVERSAL ESTÁN ENRAIZADOS CUNHA REALIDADE PARTICULAR'

**desgaste e desvie por máis tempo o que é prioritário: o esforzo pola normalización?**

Ese problema é certo e pola nosa parte, dentro do próprio parlamento, na anterior lexislatura xa aprobáramos unha chamada á concórdia da que logo non se fixo caso. Nesta imos facer o mesmo e imos pedir o apoio de todos. Seria moi positivo que este problema artificial desaparecese e todos concentraramos as enerxias na restauración do idioma que é o fundamental. Pola nosa banda non vai faltar vontade.

## Os problemas da cultura

A respeito da criación literária, Garcia Negro non dúbida en sinalar que "existen obras de cali-

**En Catalunya hai nestes momentos unha polémica sobre o futuro do catalán. Ten futuro o galego?**

Non son pesimista, pero o momento non é fácil, un idioma non susbsiste en boas condicións se non ten a saiva de uso social en todos os ámbitos que debe ter unha língua no século XXI. Nun país coma o noso onde ten gran importáncia a pauta dada polos modelos de emisión lingüística, por todo o que ten publicidade social, a loita neste sentido é fundamental. O idioma non subsiste confinado a usos rituais, protocolários, ou porque teña unha literatura moi rica, se non hai uso xeralizado que o faga socialmente útil.

## Normativa, discriminación e política

Mesmo no intre de se realizar esta entrevista estaba no ar a polémica surxida a partir dunha interpretación, en parte distorsionada, dunha proposición de lei, apresentada pola própria Pilar Garcia Negro, e na que se solicitaba a non discriminación económica por razón de normativa, á espera dunha pronta negociación que poña fin á discórdia ortográfica.

**Non se está a levar o debate ideolóxico a terreos inapropriados como son os da normativa?**

O problema existe porque se inoculou artificialmente. Hai unha *infección* criada xustamente para restarlle enerxia ao proceso de normalización. Os que puxemos por riba de todo o obxectivo da normalización, non é que predicásemos un *laissez faire* a próposito do idioma ou a anarquia ortográfica, pero sabiamos que no momento no que houbese aumento de volume na extensión do uso do galego, ia haber tamén un cámblo de tono, unha melloria na recepción do próprio galego, por iso praticamos sempre unha sana tolerancia. Hai cousas que están en fase de consolidación, porque as imaxes do galego son poucas ainda. Practicar a imposición e a intransixéncia, cunha normativa que non foi consensuada, cando o galego está desasistido, é restar extensión ao uso. Esta falta de diálogo, non entre grupellos, senón entre as tres ou catro opcións, como moito, que habia e que se terian que sentar na mesa, nunca foi recoñecida e nunca se aprestaron, despois de múltiples chamadas, a un diálogo que seria imprescindíbel para poder falar —e con boa vontade podiase facer nun prazo non superior a un ano— para acadar asi unha concórdia normativa que todos aplicariamos. Nós seguimos demandando este diálogo. E queremos, mentres, que este pretexto non se utilice para peneirar ideoloxicamente as producións en galego, cando paradoxicamente vemos que se subvencionan con diñeiro público produtos feitos en español. No tocante ao ensino hai que promover un aprécio ao idioma, no canto de inocular outro tipo de cuestións que só conducen a afastar á xente e a consideralo un apartado represivo maís dentro do ensino.

**'O PROBLEMA NON É DE CALIDADE, A LITERATURA GALEGA ESTÁ NECESITADA DE LEITORES A CAUSA DA PRÓPRIA CONSIDERACIÓN DO IDIOMA'**

**Pero fanse todos os esforzos, e mesmo concesións se é preciso, para que esta polémica non** dade, con determinadas pezas de grande valor que continuan unha liña histórica salientábel, a carón doutras obras que poden estar máis enfeudadas coa moda ou co uso puramente formal do galego". "Pero, engade, o problema non é de calidade, a literatura galega esta necesitada de leitores e de aprécio fora de círculos especializados a causa da própria consideración do idioma".

A clave estaria ademais en dirimir "se queremos que a cultura galega, en todas as suas manifestacións, sexa unha peza entalada secundariamente no mundo mundo cultural dominante español ou se aspiramos a que sexa unha cultura xerada entre a riqueza e o dinamismo do próprio país e que asimile todas as aportacións exteriores. Quer dicer se queremos que sexa subalterna ou que teña unha dinámica própria. Por outra parte teremos que pensar se queremos unha literatura para iniciados que non se inmiscuia nas preocupacións do que nos rodea ou se pola contra se pode entroncar con necesidades reais dos cidadáns, o que pode facela máis incómoda".

**Escribamos coma se este país fose normal. Que opina desta afirmación?**

Hai unha certa práctica de alonxamento das realidades máis próximas, cando, polo contrário, os grandes valores da literatura universal están enraizados cunha realidade particular que o xénio ou criador consegue facer entendíbeis universalmente. Valores como Cervantes, Shakespeare, Faulkner ou mesmo Rosalia non se fixeron universais por afastarse da sua realidade concreta e particular, senón ao contrário. A imitación, o seguimento da moda, ou o desentenderse da própria realidade ou da realidade pasada non creo que sexa un critério válido, sobre todo se se fai premeditadamente. □